Liña Base

Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega

Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, **ESF**
*Universidade da Coruña (***UDC***) – Grupo Artigo9Tech*

XUNTA DE GALICIA
cooperaciónGalega

ÍNDICE

Páxina

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN 3

2. METODOLOXÍA EMPREGADA..... 5

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS 7

3.1. POBOACIÓN PARTICIPANTE DIRECTA: ALUMNADO 7

3.1.1. Perfil de alumnado participante 7

3.1.2. Respostas do alumnado participante 13

3.2. POBOACIÓN PARTICIPANTE DIRECTA: PROFESORADO 17

3.2.1. Perfil de profesorado participante 17

3.2.2. Respostas do profesorado participante 23

4. ANEXOS 30

1. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

Este estudo vincúlase ao proxecto "*Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega*", executado en consorcio pola ONGD Enxeñería Sen Fronteiras Galicia (ESF) e a Universidade da Coruña (UDC) a través do grupo de investigación Artigo9Tech, e financiado nun 82% pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

ESF conta cunha ampla traxectoria traballando a prol dunha cidadanía galega crítica, con especial énfase no uso da tecnoloxía para o desenvolvemento humano e o ben común (TpDH). Nesta ocasión agrúpase novamente coa UDC coa finalidade de impulsar o concepto de TpDH na docencia, a investigación e o activismo da comunidade educativa universitaria galega de base tecnolóxica. Para elo esta intervención conta con dúas liñas de acción prioritarias segundo o público obxectivo:

1) O primeiro resultado oriéntase ao alumnado universitario, incluíndo diversas accións como son:

- ✓ actividades de sensibilización e formación no campo da TpDH
- ✓ contribución económica e difusión do Premio de Enxeñería Solidaria (convocado anualmente pola Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras desde o 2013)
- ✓ programa formativo “Fóra da Aula!” que aporta unha visión práctica do enfoque da TpDH para incluílo dentro dos currículos académicos
- ✓ realización dunha nova edición do Programa de Coñecemento da Realidade de ESF, no que se financia a estadía en proxectos en terreo de alumnado universitario
- ✓ elaboración dun estudo de viabilidade coa finalidade de promover un programa de bolsas de matrícula para estudantes de países empobrecidos prioritarios para a cooperación galega

2) O segundo focalízase no persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS) orientado a realizar:

- ✓ dúas xornadas sobre TpDH para profesorado para crear espazos de encontro e o intercambio de experiencias

- ✓ campaña de difusión das accións docentes existentes en materia de TpDH (programa "Fóra do Despacho!") tanto entre a comunidade universitaria como entre a sociedade civil no seu conxunto
- ✓ actividades de sensibilización en centros galegos de secundaria a través de diversas charlas impartidas por mulleres docentes e investigadoras na área tecnolóxica
- ✓ convocatoria dun programa de impulso ás investigacións universitarias en materia de TpDH, cunha contía económica de apoio aos proxectos
- ✓ elaboración dun estudo de viabilidade para un futuro mestrado interuniversitario de *"Tecnoloxía para a innovación social e a sustentabilidade"*

Con todo este abano de accións, a presente intervención apunta ás catro áreas da ECG: sensibilización, formación e investigación sobre o desenvolvemento, así como á de incidencia, participación e mobilización social. Quedando enmarcado, ademais, no código CRS 99820 *"Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento"* e contribuíndo de xeito directo á consecución do ODS 4 (e especificamente ás súas metas 4.3, 4.7 e 4.9).

Ficha resumo do proxecto

TÍTULO:	Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega.		
CONSORCIO ONGD:	Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, **ESF**. Universidade da Coruña. Grupo Artigo9Tech, **UDC**.		
PAÍS:	España, Galicia	**ORZAMENTO:**	54.700,00 €
FINANCIADORA:	Xunta de Galicia	**SUBVENCIÓN:**	45.000,00 €
INICIO:	1 xaneiro 2021	**FINALIZACIÓN:**	30 novembro 2022
SECTOR:	Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento, CRS 99820		
OBXECTIVO XERAL:	*Contribuír a que a ciencia e a tecnoloxía ao servizo do ben común e dos dereitos humanos permita mellorar o desempeño da universidade como axente de transformación social.*		

2. METODOLOXÍA EMPREGADA

Este estudo establece como **obxectivo xeral** a elaboración da Liña Base do proxecto *"Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega"*, presentando unha análise descritiva da realidade da poboación participante directa antes da intervención, isto é, o alumnado universitario galego das escolas técnicas e o persoal docente e investigador que exerce a súa actividade principal nestes centros universitarios. A intención é que sexa unha ferramenta útil para que as entidades consorciadas poidan, na medida do posible, adaptar as accións planificadas na formulación do proxecto ás circunstancias e necesidades específicas da poboación participante. Tamén considérase finalidade deste estudo o facilitar e mellorar os resultados da avaliación final da intervención, ao contar con datos da situación previa que posibilitarán a súa comparanza cos resultados recompilados unha vez rematado o proxecto.

Este traballo realízase asumindo como procedementos básicos:

I. Un **proceso de comunicación fluída e de traballo coordinado** entre a empresa externa e as entidades consorciadas, sendo o técnico responsable da coordinación do proxecto o intermediario directo. Cabe subliñar a indispensable labor deste técnico para facilitar o proceso, sempre de forma resolutiva e áxil, e para favorecer o poder compartir a información máis relevante a ter en conta por parte do consorcio.
II. Como é habitual nestes estudos, o **emprego dun enfoque participativo** na elaboración da Liña Base. Así, foméntase a participación e implicación da diversidade de actores vinculados coa intervención, isto é, centros universitarios (profesorado e alumnado) e entidades consorciadas (ESF e UDC).

Nesta ocasión o enfoque predominante do estudo é o cuantitativo, sendo as técnicas empregadas para a recompilación de información primaria e secundaria as seguintes segundo o público obxectivo:

[1] ***A información aportada polo consorcio de ONGD e universidade foi recompilada a través de dúas ferramentas:***

- ✓ ***A análise documental***. Como en todo estudo destas características, a revisión documental da información relacionada co proxecto é o paso básico. Así, analizouse: documento de formulación e os seus anexos, dossier de actividades, información sobre o proxecto na web propia de ESF.

- ✓ Varias ***entrevistas exploratorias*** á persoa que coordina o proxecto en representación do consorcio (de ESF) e tamén co equipo de traballo mixto ESF-UDC.

[2] Para recoller a *información aportada polo alumnado deseñouse un cuestionario online con preguntas pechadas e abertas*. A finalidade desta enquisa é establecer o perfil medio do alumnado participante e estimar os seus coñecementos e actitudes en relación coa temática fundamental do proxecto: Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) e o Ben Común[1].

Os datos deste cuestionario foron recompilados a través da ferramenta de xeolocalización de información EMAPIC do laboratorio CartoLab da Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da UDC. Ademais, foi o grupo Artigo9Tech o encargado de difundir o mesmo entre a comunidade universitaria obxectivo.

Finalmente, a enquisa baséase en 115 cuestionarios válidos (61 de homes, 53 de mulleres e 1 de persoas que se identifican como non binarias) e a distribución por universidade é do 48% da USC, 43% da UDC e 9% da UVigo.

[3] Para recoller a *información aportada polo persoal docente e investigador deseñouse un cuestionario online con preguntas pechadas e abertas*. A finalidade desta enquisa é establecer o perfil medio do profesorado participante e estimar os seus coñecementos e actitudes en relación coa temática fundamental do proxecto: Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) e o Ben Común[2].

Os datos deste cuestionario foron tamén recompilados a través da ferramenta de xeolocalización de información EMAPIC do laboratorio CartoLab da Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da UDC, sendo novamente o grupo Artigo9Tech o que impulsou a difusión e a participación no mesmo do profesorado universitario obxectivo.

Finalmente, a enquisa baséase en 120 cuestionarios válidos (76 de homes e 44 de mulleres) e a distribución por universidade é do 43% da USC, 42% da UDC e 16% da UVigo.

[1] No Anexo 4.1 atópase o modelo de cuestionario realizado polo alumnado

[2] No Anexo 4.2 atópase o modelo de cuestionario realizado polo alumnado

3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

3.1. POBOACIÓN PARTICIPANTE DIRECTA: ALUMNADO

Para a elaboración deste apartado analízanse as respostas ao cuestionario deseñado para alumnado universitario no que participaron un total de 115 estudantes das tres universidades galegas. Cabe mencionar que ao desagregar as respostas segundo xénero obtéñense 61 cuestionarios válidos de homes, 53 de mulleres e 1 de persoas identificadas como non binarias. Ao atopar tan só unha resposta de persoas non binarias (representando o 0,87% da mostra), os resultados preséntanse desagregados segundo as tres categorías mais a análise realízase atendendo a homes e mulleres xa que a análise das persoas non binarias non conta co rigor estatístico suficiente, podendo considerarse máis como a opinión individual dunha persoa que como conclusións xeneralizables a un colectivo máis amplo.

3.1.1. Perfil de alumnado participante

Do total de cuestionarios válidos o 53% son de homes e o 46% de mulleres, fundamentalmente das universidades de Santiago e da Coruña. Neste caso queda infrarrepresentada nos resultados a UVigo xa que en valores absolutos cóntase con tan só 10 respostas (fronte ás 55 da USC e ás 50 da UDC), máis tendo en conta os datos do curso 2021-2022 no que o alumnado matriculado en graos ou mestrados da rama de "enxeñaría e arquitectura" era máis elevado nesa universidade que na UDC e a USC[3].

Táboa 1. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario segundo xénero e universidade. Porcentaxe.

UDC			USC			UVIGO		
43%			48%			9%		
HOME	MULLER	NON BINARIA	HOME	MULLER	NON BINARIA	HOME	MULLER	NON BINARIA
50%	48%	2%	53%	47%	0%	70%	30%	0%

Fonte: Elaboración propia.

Atendendo á idade, 1 de cada 3 estudantes sitúanse na franxa de 21 a 23 anos e outro 1 de cada 3 na de máis de 26 anos, sendo estas as franxas maioritarias tanto en homes como en mulleres. Segundo universidade, na UDC percíbese unha maior presenza do alumnado

[3] Segundo datos do Ministerio de Universidades, no curso 2021-2022 a UVigo contaba con 5.355 estudantes de grao e mestrado nesa área de coñecemento fronte aos 5.142 da UDC e 1.660 da USC. Datos de EDUCAbase, dispoñibles en: https://www.universidades.gob.es/estadistica-de-estudiantes/.

maior de 26 anos, na USC do de 21 a 23 anos e a UVIGO é na que hai unha maior porcentaxe de estudantes máis novos (o 40% ten 20 ou menos anos).

Gráfico 1. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario segundo idade. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 2. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario segundo idade e sexo. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 2. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario segundo idade e universidade. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

A idade da mostra participante garda coherencia co seu nivel de estudos xa que case 8 de cada 10 estudantes son de Grao ou Dobre Grao (o 77% dos homes e o 79% das mulleres) fronte ao alumnado de mestrado. Ademais, a metade do alumnado de Grao está matriculado no último curso, sendo de primeiro tan só o 10%.

Táboa 2. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario segundo xénero e nivel de estudos. Porcentaxe.

GRAO / DOBRE GRAO			MESTRADO		
77%			23%		
HOME	MULLER	NON BINARIA	HOME	MULLER	NON BINARIA
53%	47%	0%	54%	42%	4%

Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 4. Composición da mostra de alumnado participante no cuestionario segundo nivel de estudos e curso. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

As titulacións de grao con maior representación son o Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto e o de Enxeñaría de Obras Públicas na UDC, o Grao en Enxeñaría Química na USC e o Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións na UVIGO (o 42% do alumnado total de grao pertence a algunha destas catro titulacións). Mentres que a nivel de posgrao hai catro mestrados que destacan lixeiramente: un da UDC (Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos) e tres da USC (Mestrado Universitario en Enxeñaría Agronómica, Mestrado Universitario en Enxeñaría Ambiental e Mestrado Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos). Destes catro títulos son o 54% do alumnado de titulación de posgrao.

Nas táboas seguintes apréciase que, se ben a nivel global a porcentaxe de rapazas e rapaces é equilibrado, existen algunhas titulacións fortemente masculinizadas e outras feminizadas. Entre as primeiras atópase o Grao en Enxeñaría de Obras Públicas, o Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria ou o Mestrado Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos. E entre as segundas o Grao en Arquitectura Técnica, o Grao en Enxeñería Química ou o Mestrado Universitario en Enxeñaría Agronómica.

Táboa 3. Composición da mostra de alumnado de grao / dobre grao participante no cuestionario segundo titulación e sexo. Absolutos.

	CENTRO	TITULACIÓN	HOME	MULLER	TOTAL
UDC	**Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI)**	***Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto***	**4**	**6**	**10**
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	***Grao en Enxeñaría de Obras Públicas***	**8**	**2**	**10**
	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	*Grao en Arquitectura Técnica*	0	7	7
	Facultade de Informática	*Grao en Enxeñaría Informática*	3	3	6
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	*Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría*	3	1	4
	Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC)	*Grao en Estudos de Arquitectura*	0	2	2
USC	**Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)**	***Grao en Enxeñaría Química***	**3**	**7**	**10**
	Facultade de Ciencias (Lugo)	*Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais*	3	2	5
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural*	3	1	4
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Grao en Enxeñaría Informática (2ª edición)*	3	1	4
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e en Enxeñaría Forestal*	1	3	4
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Grao en Enxeñaría Civil*	3	1	4
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Grao en Robótica*	3	1	4
	Facultade de Matemáticas	*Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas (2ª edición)*	1	2	3
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria*	3	0	3
UVIGO	**Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións**	***Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicacións***	**4**	**3**	**7**
	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (Ourense)	*Grao en Enxeñaría Aeroespacial*	2	0	2

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 3. Composición da mostra de alumnado de mestrado participante no cuestionario segundo titulación e sexo. Absolutos.

	CENTRO	TITULACIÓN	HOME	MULLER	NON BINARIA	TOTAL
UDC	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	*Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos*	4	1	0	5
	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	*Mestrado Universitario en Edificación Sostible*	0	2	0	2
	Facultade de Informática	*Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática*	2	0	0	2
	Facultade de Informática	*Mestrado Universitario en Bioinformática para Ciencias da Saúde*	0	0	1	1
	Facultade de Informática	*Mestrado Universitario en Técnicas Estatísticas (UDC-USC-UVI)*	1	0	0	1
USC	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Mestrado Universitario en Enxeñaría Agronómica*	0	3	0	3
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	*Mestrado Universitario en Enxeñaría Ambiental*	1	2	0	3
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	*Mestrado Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos*	3	0	0	3
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Mestrado Universitario en Enxeñaría de Montes*	1	1	0	2
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Mestrado Universitario en Dirección de Proxectos*	1	0	0	1
	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)	*Mestrado Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados*	0	1	0	1
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	*Mestrado Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data*	0	1	0	1
UVigo	Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións	*Mestrado Universitario en Enxeñaría de Telecomunicacións*	1	0	0	1

Fonte: Elaboración propia.

A modo de resumo deste apartado pode afirmarse que o **perfil medio do alumnado** participante no cuestionario desta Liña Base é o de un home da USC de 21 a 23 anos matriculado no 4º curso dun dalgún destes tres graos: Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto, Grao de Enxeñaría de Obras Públicas ou Grao en Enxeñaría Química.

3.1.2. Respostas do alumnado participante

As preguntas temáticas do cuestionario poden agruparse en tres bloques de preguntas de escala e unha pregunta aberta sobre o coñecemento de ONGD especializadas no campo da tecnoloxía. Nas preguntas de escala solicitóuselles o seu grao de acordo cos enunciados nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo").

O primeiro bloque analiza a autopercepción que teñen sobre o seu coñecemento específico de tres temáticas concretas vinculadas á Educación para a Cidadanía Global, destacando máis positivamente a dos ODS e a Axenda 2030 (cun 3,3 de posicionamento medio) e máis negativamente a da Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (cun 2,4). En relación coa temática concreta desta intervención, o alumnado posiciónase no nivel medio (2,8), sen estar de acordo nin en desacordo coa afirmación *"teño un bo coñecemento sobre a TpDH e o Ben Común"*.

Gráfico 5. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre autopercepción de coñecemento nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo"). Media.



Fonte: Elaboración propia.

O segundo bloque está orientado a observar a vinculación actual entre tecnoloxía e a contribución á mellora de diferentes áreas do desenvolvemento humano. Neste caso, o alumnado participante no cuestionario percibe con maior claridade o impacto positivo da tecnoloxía na mellora do acceso a servizos básicos (como auga, saúde, educación, enerxía, alimentación, acceso á información e comunicación, mobilidade...), seguida da contribución ao desenvolvemento sostible (enfocado á sostibilidade ambiental, é dicir, *"garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións"*).

O nivel máis baixo de acordo obsérvase coa afirmación *"a tecnoloxía permite hoxe en día reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global"*, cun posicionamento medio de 3,1, é dicir, nin de acordo nin en desacordo.

Pódese afirmar que, en termos xerais e exceptuando o acceso a servizos básicos, o alumnado non percibe que actualmente a tecnoloxía estea a contribuír de xeito notable ao desenvolvemento humano e sostible a nivel global.

Gráfico 6. Nivel medio de acordo cos enunciados de coñecemento sobre TpDH nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo"). Media.



Fonte: Elaboración propia.

O terceiro bloque amosa que, de xeito xeral, o alumnado está de acordo coa idea de que o enfoque da TpDH é necesario para a súa formación e para o seu futuro profesional e co feito de que o profesorado da súa titulación non lles orienta para traballar desde este enfoque.

Ademais, amósanse algo de acordo (3,6) no momento de afirmar que a súa titulación sería máis interesante se houbese máis materias co enfoque TpDH.

Gráfico 7. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre TpDH e titulación nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo"). Media.



Fonte: Elaboración propia.

Nas táboas seguintes preséntanse os resultados destes tres bloques de enunciados segundo xénero e universidade. Os posicionamentos medios de rapaces e rapazas non amosan diferenzas estatisticamente significativas (cunha variación de 0,1 ou 0,2 puntos a favor dunhas ou doutros). Tan só se aprecia un lixeira fenda a favor delas nas afirmacións que sinalan a importancia do enfoque da TpDH para a súa formación e posterior desempeño profesional (situándose elas nunha media 0,4 puntos máis favorable que a deles) e o interese en que haxa máis materias con este enfoque (0,3 puntos).

Ao observar os datos segundo universidade, percíbese un lixeiro posicionamento máis favorable do alumnado da UDC en relación á autopercepción sobre o seu coñecemento dos ODS, da Cooperación para o Desenvolvemento e do enfoque da TpDH (os tres primeiros enunciados), seguida da USC. Esta mesma tendencia maniféstase nos tres últimos enunciados nos que se relaciona o enfoque da TpDH coas súas titulacións (cunha leve posición máis positiva do alumnado da UDC, seguido do da USC).

Táboa 4. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre TpDH nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo") segundo xénero. Media.

ENUNCIADO	MEDIA			
	HOME	MULLER	NON BINARIA	TOTAL
Teño un bo coñecemento sobre a Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) e o Ben Común	2,8	2,9	3,0	**2,8**
Sei o que son a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	3,2	3,3	5,0	**3,3**
Estou familiarizada coa Cooperación Internacional para o Desenvolvemento	2,4	2,4	3,0	**2,4**
A tecnoloxía actualmente axuda a facilitar o acceso a servizos básicos da poboación no seu conxunto	4,2	4,1	5,0	**4,2**
A tecnoloxía actual axudará a garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións	3,6	3,8	5,0	**3,7**
A tecnoloxía permite hoxe en día reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global	3,2	3,0	4,0	**3,1**
A tecnoloxía actual nos permite mellorar a seguridade, a democracia e a participación cidadá en todo o mundo	3,4	3,4	5,0	**3,4**
Na miña titulación hai profesorado que nos orienta para traballar desde o enfoque TpDH	2,3	2,5	1,0	**2,4**
Se houbese máis materias co enfoque TpDH a miña titulación sería máis interesante	3,5	3,8	4,0	**3,6**
O enfoque da TpDH non é necesario para a miña formación nin para o meu futuro profesional	2,4	2,0	4,0	**2,2**

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 5. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre TpDH nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo") segundo universidade. Media.

ENUNCIADO	MEDIA			
	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
Teño un bo coñecemento sobre a Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) e o Ben Común	3,0	2,7	2,5	**2,8**
Sei o que son a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	3,5	3,2	2,6	**3,3**
Estou familiarizada coa Cooperación Internacional para o Desenvolvemento	2,6	2,2	2,2	**2,4**
A tecnoloxía actualmente axuda a facilitar o acceso a servizos básicos da poboación no seu conxunto	4,1	4,2	4,1	**4,2**
A tecnoloxía actual axudará a garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións	3,6	3,8	3,5	**3,7**
A tecnoloxía permite hoxe en día reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global	3,0	3,2	3,2	**3,1**
A tecnoloxía actual nos permite mellorar a seguridade, a democracia e a participación cidadá en todo o mundo	3,1	3,7	3,3	**3,4**
Na miña titulación hai profesorado que nos orienta para traballar desde o enfoque TpDH	2,5	2,3	1,9	**2,4**
Se houbese máis materias co enfoque TpDH a miña titulación sería máis interesante	3,7	3,6	3,5	**3,6**
O enfoque da TpDH non é necesario para a miña formación nin para o meu futuro profesional	2,0	2,3	2,6	**2,2**

Fonte: Elaboración propia.

Para rematar o cuestionario solicitóuselle ao alumnado que citase algunha ONGD que traballe no campo da tecnoloxía. O dato máis destacable neste punto é que o 92% das persoas non amosa coñecer ningunha entidade deste tipo. Deste xeito, tan só 9 das 115 persoas citan unha organización e destas o 67% mencionan a ESF. As outras tres persoas coñecen a Agrónomos Sin Fronteras, Ayúdame3D e África-EDUSA. Mencionar que, así como as dúas primeiras entidades si son organizacións non gobernamentais relacionadas coa tecnoloxía, non se atopou información suficiente da terceira entidade para poder confirmar que sexa unha ONGD que traballe neste campo.

3.2. POBOACIÓN PARTICIPANTE DIRECTA: PROFESORADO

Para a elaboración desta apartado analízanse as respostas ao cuestionario deseñado para profesorado universitario no que participaron un total de 120 docentes das tres universidades galegas, 63% homes e 37% mulleres. Igual que no caso do cuestionario para alumnado, a representación da UVIGO é menor con 19 cuestionarios válidos fronte aos 51 da USC e aos 50 da UDC.

3.2.1. Perfil de profesorado participante

Desagregando os datos segundo sexo e universidade obsérvase que a mostra de profesorado da UVigo é a que presenta unha maior masculinización (3 de cada 4 docentes desta universidade son homes), seguida da UDC. Pola contra, na USC percíbese unha fenda de xénero menor cun 45% de docentes mulleres.

Táboa 6. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo sexo e universidade. Porcentaxe.

UDC		USC		UVIGO	
42%		43%		16%	
HOME	MULLER	HOME	MULLER	HOME	MULLER
68%	32%	55%	45%	74%	26%

Fonte: Elaboración propia.

En coherencia coas cifras de envellecemento do profesorado das universidades galegas, máis do 90% do PDI que participou no cuestionario ten máis de 40 anos, sendo a franxa de idade con maior peso a de 41 e 55 anos (o 58% atópase nesa cohorte).

Ao cruzar a variable da idade coa de sexo percíbese certa diferenza entre homes e mulleres: elas sitúanse en maior medida na franxa de 41 a 55 anos, mentres que neles ten máis peso a cohorte de maiores de 55 anos. Isto é coherente coa tradicional masculinización das áreas de coñecemento técnicas, consecuencia da segregación horizontal presente nas sociedades patriarcais que provoca que as mulleres orienten á súa formación e á súa carreira profesional a sectores vinculados aos roles tradicionais femininos (coidados, servizos...). Porén, nos últimos anos a presenza das mulleres no eido técnico experimentou leves aumentos, o que fai que as mulleres gañen peso nas franxas de idades máis novas mentres que os homes son maioría nas idades máis altas.

Observando a variable da idade xunto coa de universidade percíbese que mentres que a USC e a UDC experimentan situacións similares, a UVigo é a que conta cun profesorado máis novo en termos xerais: o 79% do seu persoal docente ten entre 41 e 55 anos e tan só o 11% tan máis de 55 (fronte ao 55% e 39% da USC e ao 52% e 36% da UDC respectivamente). Estas cifras tamén amosan total coherencia cos datos a nivel global das tres universidades que sinalan á USC como a universidade con maior envellecemento do seu PDI[4].

Gráfico 8. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo idade. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

[4] Segundo os datos do Ministerio de Universidades, no curso 2020-2021 a idade media do PDI da UDC era de 50,59 anos, a da UVigo de 50,97 e a da USC de 54,14. Ademais, un 8,2% do profesorado de Santiago ten máis de 67 anos (fronte ao 3,4% da Coruña e o 2,8% de Vigo) e un 23% estaba en proceso de xubilación (fronte ao 16% en Coruña e o 14% en Vigo). Datos de EDUCAbase, dispoñibles en: http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaDynPx/educabase/index.htm?type=pcaxis&path=/Universitaria/Personal/EPU20&file=pcaxis&l=s0.

Gráfico 9. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo idade e sexo. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 10. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo idade e universidade. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Tendo en conta as idades maioritarias do profesorado participante, cabe agardar que case 6 de cada 10 PDI teñan unha categoría profesional estable e recoñecida: profesor/a titular ou catedrática/o.

Segundo sexo, mencionar que entre as mulleres o peso da categoría de profesora titular é moito maior que entre os homes: o 65% das mulleres que participan neste estudo pertencen a esta categoría fronte ao 33% dos homes (sendo eles porcentualmente máis nas categorías de catedráticos e contratados doutores).

Gráfico 11. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo categoría profesional. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 12. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo categoría profesional* e sexo. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.
* Neste caso, en "outra categoría" englóbanse: outra categoría, persoal interino por substitución, titular de escola universitaria e persoal colaborador.

Para rematar, cabe subliñar que hai tres centros que destacan ao aportar o 60% do total de profesorado participante no cuestionario: un da UDC (a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da UDC) e dous da USC (a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Santiago). Ademais, as dúas primeiras caracterízanse por estar fortemente masculinizadas (cun 77% e 67% de homes entre o seu PDI), mentres que na terceira as mulleres son maioría (o 61%).

Pola parte da UVigo, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións é o centro do que proceden case a metade do profesorado participante desta universidade, tamén fortemente masculinizado cun 89% de homes.

Táboa 7. Composición da mostra de profesorado participante no cuestionario segundo centro e sexo. Absolutos.

	CENTRO	HOME	MULLER	TOTAL
UDC	*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos*	23	7	**30**
	Facultade de Informática	6	5	**11**
	Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC)	3	0	**3**
	Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	1	1	**2**
	Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF)	0	2	**2**
	Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	1	0	**1**
	Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI)	0	1	**1**
USC	*Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo)*	16	8	**24**
	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	7	11	**18**
	Facultade de Ciencias (Lugo)	5	3	**8**
	Facultade de Matemáticas	0	1	**1**
UVIGO	*Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións*	8	1	**9**
	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (Ourense)	5	0	**5**
	Escola de Enxeñaría Forestal (Pontevedra)	1	1	**2**
	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	0	1	**1**
	Escola Superior de Informática (Ourense)	0	1	**1**
	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	0	1	**1**

Fonte: Elaboración propia.

Para rematar este apartado, pódese establecer o **perfil medio do PDI participante** neste estudo como un home de entre 41 e 55 anos, contratado como profesor titular na USC ou na UDC e que exerce a súa actividade principal na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos de Coruña ou na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo.

3.2.2. Respostas do profesorado participante

Ao igual que no cuestionario para alumnado, as preguntas para o PDI poden tamén agruparse en tres bloques de preguntas de escala e unha pregunta aberta sobre o coñecemento de ONGD especializas no campo da tecnoloxía, ás que se engade unha pregunta de resposta múltiple sobre os ODS. Nas preguntas de escala solicitóuselles o seu grao de acordo cos enunciados nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo").

O primeiro bloque analiza a autopercepción que teñen sobre o seu coñecemento específico de tres temáticas concretas vinculadas á Cidadanía Global, destacando positivamente o coñecemento que afirmar ter sobre a Axenda 2030 e os ODS cun 3,8 de posicionamento medio na escala do 1 ao 5 (mesmo ítem que destacaba no caso do alumnado). En relación á temática concreta da intervención, a TpDH e o Ben Común, a autopercepción media sobre o seu coñecemento é algo menor que a do alumnado: 2,5 o profesorado fronte ao 2,8 do estudantado.

Gráfico 13. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre autopercepción de coñecemento nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo"). Media.



Fonte: Elaboración propia.

No seguinte bloque obsérvase a vinculación actual que perciben entre a tecnoloxía e a contribución á mellora de diferentes áreas do desenvolvemento humano. Do mesmo modo que na análise das respostas do alumnado, o persoal docente e investigador participante percibe con maior claridade o impacto positivo da tecnoloxía na mellora do acceso a servizos básicos (como auga, saúde, educación, enerxía, alimentación, acceso á información e comunicación, mobilidade...), seguida da contribución ao desenvolvemento sostible (enfocado á sostibilidade ambiental, é dicir, *"garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións"*).

Gráfico 14. Nivel medio de acordo cos enunciados de coñecemento sobre TpDH nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo"). Media.



Fonte: Elaboración propia.

Esta notable correlación entre os posicionamentos medios do alumnado e do PDI nestes dous bloques semella coherente e evidencia a importancia de traballar co profesorado para lograr introducir estas temáticas nas aulas e nos currículos educativos. Poderíase agardar que un maior coñecemento por parte das e dos docentes se traduza nunha mellora paulatina do coñecemento entre as rapazas e rapaces.

O último bloque das preguntas de escala está orientado a estimar o coñecemento e a importancia que o PDI lle outorga ao enfoque da TpDH na formación das e dos profesionais da tecnoloxía. En termos xerais sitúanse algo en desacordo coas catro afirmacións propostas, podéndose resumir en:

- ✓ Están algo en desacordo co feito de afirmar que contan cos coñecementos necesarios para introducir o enfoque da TpDH na súa actividade docente. Porén, tampouco perciben unha gran importancia deste enfoque para impartir as súas materias.
- ✓ Non obstante, si estarían algo de acordo con afirmar que o enfoque da TpDH é necesario para o futuro profesional do seu alumnado e que este estaría interesado nel.

Gráfico 15. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre TpDH e docencia nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo"). Media.



Fonte: Elaboración propia.

Ao desagregar estes datos segundo sexo non se aprecian diferenzas significativas entre homes e mulleres, con variacións de entre 0,1 e 0,3 puntos entre os posicionamentos medios delas e eles. Tan só un dos enunciados amosa unha variación de 0,5 puntos a favor dos homes, afirmando en maior medida eles que contan cos *"coñecementos precisos para traballar o enfoque TpDH nas súas clases"*.

Táboa 8. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre TpDH nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo") segundo sexo. Media.

ENUNCIADO	MEDIA		
	HOME	MULLER	TOTAL
Teño un bo coñecemento sobre a Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) e o Ben Común	2,5	2,5	**2,5**
Sei o que son a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	3,7	4,0	**3,8**
Estou familiarizada coa Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global	2,7	2,6	**2,6**
A tecnoloxía actualmente axuda a facilitar o acceso a servizos básicos da poboación no seu conxunto (auga, saúde, educación, enerxía, alimentación, acceso á información e comunicación, mobilidade…)	4,1	4,0	**4,0**
A tecnoloxía actual axudará a garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións	3,6	3,6	**3,6**
A tecnoloxía permite hoxe en día reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global	3,3	3,0	**3,2**
A tecnoloxía actual nos permite mellorar a seguridade, a democracia e a participación cidadá en todo o mundo	3,3	3,2	**3,3**
Na miña actividade docente ten moita importancia o enfoque da TpDH	2,6	2,4	**2,5**
O meu alumnado non estaría interesando no enfoque da TpDH	2,4	2,5	**2,4**
O enfoque da TpDH non é necesario para o futuro profesional do meu alumnado	2,1	1,9	**2,1**
Conto cos coñecementos precisos para traballar o enfoque TpDH nas miñas clases	2,5	2,0	**2,3**

Fonte: Elaboración propia.

Segundo universidade, a USC e a UDC destacan levemente no coñecemento dos ODS e da Educación para a Cidadanía Global, diferenza de maior intensidade no caso da Axenda 2030 e os ODS na que o profesorado de Santiago sitúase no 4,1 fronte ao 3,0 de Vigo.

No caso dos catro enunciados sobre tecnoloxía e desenvolvemento humano evidénciase un moi leve posicionamento máis positivo entre o PDI da UVigo. Con todo, estas diferenzas entre universidades non se consideran estatisticamente significativas, ao igual que nos últimos catro ítems.

Táboa 9. Nivel medio de acordo cos enunciados sobre TpDH nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 "totalmente en desacordo" e 5 "totalmente de acordo") segundo universidade. Media.

ENUNCIADO	MEDIA			
	UDC	USC	UVIGO	TOTAL
Teño un bo coñecemento sobre a Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TPdH) e o Ben Común	2,6	2,5	2,3	**2,5**
Sei o que son a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	3,9	4,1	3,0	**3,8**
Estou familiarizada coa Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global	2,9	2,5	2,3	**2,6**
A tecnoloxía actualmente axuda a facilitar o acceso a servizos básicos da poboación no seu conxunto (auga, saúde, educación, enerxía, alimentación, acceso á información e comunicación, mobilidade…)	4,1	4,0	4,2	**4,0**
A tecnoloxía actual axudará a garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións	3,6	3,4	4,0	**3,6**
A tecnoloxía permite hoxe en día reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global	3,3	3,0	3,5	**3,2**
A tecnoloxía actual nos permite mellorar a seguridade, a democracia e a participación cidadá en todo o mundo	3,4	3,0	3,6	**3,3**
Na miña actividade docente ten moita importancia o enfoque da TpDH	2,5	2,7	2,2	**2,5**
O meu alumnado non estaría interesando no enfoque da TpDH	2,5	2,4	2,4	**2,4**
O enfoque da TpDH non é necesario para o futuro profesional do meu alumnado	2,1	2,0	2,0	**2,1**
Conto cos coñecementos precisos para traballar o enfoque TpDH nas miñas clases	2,4	2,3	2,1	**2,3**

Fonte: Elaboración propia.

O cuestionario para profesorado inclúe unha pregunta de resposta múltiple na que se lles solicita que seleccionen aqueles ODS que pensan que teñen máis relación coa súa actividade docente e investigadora. O primeiro dato destacable a subliñar é que tan só un 4% pensa que ningún ODS está vinculado ao seu traballo, en coherencia co acordo manifestado con saber o que é a Axenda 2030 e os seus ODS.

Dos dezasete obxectivos sobresaen sete como os mencionados por máis dun 20% do profesorado, fundamentalmente o ODS 9 "Industria, innovación e infraestruturas" citado por 4 de cada 10 docentes como relacionado coa súa actividade docente e investigadora. A este séguelle o ODS 4 "Educación de calidade" (mencionado polo 36%), o ODS 13 "Acción polo clima" (34%) e o ODS 11 "Cidades e comunidades sostibles" (32%).

Pola contra, resulta interesante que algúns dos obxectivos de índole máis social sexan mencionados por unha porcentaxe moi reducida de persoas (que en números absolutos semellan mínimos). Por exemplo, os ODS 1 e 2 (fin da pobreza e da fame) son mencionados tan só por un 6% e 7% respectivamente. Neste senso, poden agruparse os obxectivos segundo as cinco grandes áreas temáticas establecidas na Axenda2030 coñecidas como as 5 Ps. No gráfico 17 obsérvase que as áreas de prosperidade (ámbito económico e produtivo) e de planeta (área

ambiental) son as que o PDI percibe como máis próximas á súa tarefa docente e investigadora (mencionadas por un 24% e un 21% respectivamente). En cambio a área máis social (persoas) é citada por un 16%.

Gráfico 16. ODS máis mencionados como relacionados coa actividade docente e investigadora. Porcentaxe.

Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 17. ODS máis mencionados como relacionados coa actividade docente e investigadora segundo área temática (as 5 Ps da Axenda 2030). Porcentaxe.

Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 18. Mención dos ODS máis relacionados coa actividade docente e investigadora. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Para rematar o cuestionario, e igual que no caso do alumnado, solicitóuselle ao PDI que citase algunha ONGD que traballe no campo da tecnoloxía. O dato máis destacable neste punto é que case 8 de cada 10 das persoas (o 79%) non menciona ningunha entidade deste tipo. Quen si coñece algunha organización son 26 das 121 persoas e 20 destas citan a Enxeñería Sen Fronteiras (o que representa o 77% do total de profesorado que coñece algunha ONGD que traballe no eido tecnolóxico).

4. ANEXOS

4.1. MODELO DE CUESTIONARIO PARA ALUMNADO

1) BLOQUE DATOS DE CONTEXTO:

1.1. Matrícula nunha titulación da universidade de: [*Despregable*]

1.2. Centro: [*Despregable*]

1.3. TIPO DE TITULACIÓN: [*Despregable*]

1.4. TITULACIÓN: [*Despregable*]

1.5. Curso máis alto no que realizaches matrícula: [*Despregable*]

1.6. Idade: [*Despregable*]

1.7. Xénero: [*Despregable*]

2) BLOQUE DE DATOS TEMÁTICOS

1. NUNHA ESCALA DO 1 ao 5 (sendo 1 "nulo, non sei que é" e 5 "excelente") CAL DIRÍAS QUE É O TEU COÑECEMENTO SOBRE...

1.1. Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano e o Ben Común
1.2. Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)
1.3. Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

2. PODERÍAS DICIR O NOME DALGUNHA ONGD QUE TRABALLE NO CAMPO DA TECNOLOXÍA?
[*pregunta aberta de resposta curta*]

3. NUNHA ESCALA DO 1 ao 5 (sendo 1 "nada" e 5 "moito") COMO PENSAS QUE A TECNOLOXÍA ESTÁ SERVINDO OU AXUDANDO ACTUALMENTE A...?

3.1. Facilitar o acceso a servizos básicos da poboación no seu conxunto (auga, saúde, educación, enerxía, alimentación, acceso á información e comunicación, mobilidade...)
3.2. Garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións
3.3. Reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global
3.4. Mellorar a seguridade, a democracia e a participación cidadá en todo o mundo

4) Sabendo que o enfoque da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) é "poñer a tecnoloxía ao servizo do aumento da calidade de vida para construír unha sociedade máis xusta e solidaria", valora NUNHA ESCALA DO 1 ao 5 (sendo 1 "nada de acordo" e 5 "moi de acordo") a túa afinidade coas seguintes afirmacións:

4.1. Na miña titulación hai profesorado que nos orienta para traballar desde o enfoque TpDH en varias materias
4.2. Se houbese máis materias co enfoque da TpDH a miña titulación sería máis interesante
4.3. O enfoque da TpDH non é necesario para a miña formación nin para o meu futuro profesional

5) Queres deixar algún comentario ou o teu email por se che gustaría recibir máis información sobre a TpDH?

7) Se queres aparecer no mapa de participación deste cuestionario, intenta ubicar de xeito aproximado o lugar onde soes residir

4.2. MODELO DE CUESTIONARIO PARA PDI

1) BLOQUE DATOS DE CONTEXTO:

1.1. Universidade na que traballas: [*Despregable*]

1.2. Centro no que exerzas a túa actividade principal: [*Despregable*]

1.3. Departamento ao que pertences: [*Despregable*]

1.4. Categoría PDI: [*Despregable*]

1.5. Idade: [*Despregable*]

1.6. Xénero: [*Despregable*]

2) BLOQUE DE DATOS TEMÁTICOS

1. NUNHA ESCALA DO 1 ao 5 (sendo 1 "nulo, non sei que é" e 5 "excelente") CAL DIRÍAS QUE É O TEU COÑECEMENTO SOBRE...

1.1. Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano e o Ben Común
1.2. Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)
1.3. Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

2. PODERÍAS DICIR O NOME DALGUNHA ONGD QUE TRABALLE NO CAMPO DA TECNOLOXÍA? [pregunta aberta de resposta curta]

3. NUNHA ESCALA DO 1 ao 5 (sendo 1 "nada" e 5 "moito") COMO PENSAS QUE A TECNOLOXÍA ESTÁ SERVINDO OU AXUDANDO ACTUALMENTE A...?

3.1. Facilitar o acceso a servizos básicos da poboación no seu conxunto (auga, saúde, educación, enerxía, alimentación, acceso á información e comunicación, mobilidade...)
3.2. Garantir o desenvolvemento dunha vida digna das próximas dúas ou tres xeracións
3.3. Reducir a desigualdade entre persoas e países a nivel global
3.4. Mellorar a seguridade, democracia e a participación cidadá en todo o mundo

4) Sabendo que o enfoque da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (TpDH) é *"poñer a tecnoloxía ao servizo do aumento da calidade de vida para construír unha sociedade máis xusta e solidaria"*, indica a importancia (sendo 1 "ningunha" e 5 "moita") que ten na túa actividade docente este enfoque. [única pregunta, escala 1 ao 5]

5) Indica o grado de coincidencia que tes coas seguintes afirmacións (sendo 1 "nada de acordo" e 5 "moi de acordo")

5.1. O meu alumnado non estaría interesando no enfoque da TpDH
5.2. O enfoque da TpDH non é necesario para o futuro profesional do meu alumnado
5.3. Conto cos coñecementos precisos para traballar o enfoque TpDH nas miñas clases

6) Cal crees que é o ODS máis relacionado coa túa actividade docente ou investigadora (podes marcar varios se o estimas necesario) [*Despregable*]

7) Queres deixar algún comentario ou o teu email por se che gustaría recibir máis información sobre a TpDH?

8) Se queres aparecer no mapa de participación deste cuestionario, intenta ubicar de xeito aproximado o lugar onde soes residir